

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Participación

Aprobación definitiva da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol

Área de Servizos, Obras, Medio Ambiente, Zona Rural e Participación Cidadá

Anuncio da aprobación definitiva da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol

O Excmo. Concello Pleno, na sesión extraordinaria celebrada o día 15 de outubro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.–Desestimar as alegacións presentadas polo grupo municipal do BNG contra o acordo plenario de data 19 de decembro de 2018, de aprobación inicial da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Segundo.–Aprobar definitivamente a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol nos mesmos termos da súa redacción inicial.

Terceiro.–Publicar o acordo de aprobación definitiva e o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, consonte o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Texto íntegro da ordenanza:

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE FERROL

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I.–DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.–Obxecto

Artigo 2.–Concepto de subvención

Artigo 3.–Ámbito de aplicación subxectivo

Artigo 4.–Réxime xurídico das subvencións

CAPÍTULO II.–DISPOSICIÓNS COMÚNS ÁS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Artigo 5.–Plan estratéxico de subvencións

Artigo 6.–Requisitos para o outorgamento das subvencións

Artigo 7.–Órganos competentes para a concesión de subvencións

Artigo 8.–Persoas ou entidades beneficiarias

Artigo 9.–Requisitos para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria

Artigo 10.–Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Artigo 11.–Entidades colaboradoras

Artigo 12.–Publicidade das subvencións concedidas

CAPÍTULO III.–PROCEDIMENTOS DE CONCESIÓN

Artigo 13.–Procedementos de concesión

SECCIÓN 1.ª.–CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Artigo 14.–Iniciación

Artigo 15.–Instrución

Artigo 16.–Comisión de Valoración

Artigo 17.–Proposta de resolución provisional e reformulación

Artigo 18.–Resolución

Artigo 19.–Notificación da resolución

SECCIÓN 2.ª.–CONCESIÓN DIRECTA

Artigo 20.–Concesión directa

CAPÍTULO IV.–XESTIÓN DAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Artigo 21.–Gastos subvencionables

Artigo 22.–Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións e doutras obrigas

CAPÍTULO V.–XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Artigo 23.–Xustificación das subvencións públicas

Artigo 24.–Conta xustificativa con aportación de xustificantes de gasto

Artigo 25.–Conta xustificativa simplificada

Artigo 26.–Prazo de xustificación das subvencións

Artigo 27.–Aprobación da xustificación

CAPÍTULO VI.–PROCEDIMENTO DE XESTIÓN PRESUPOSTARIA

Artigo 28.–Procedemento de execución do gasto

Artigo 29.–Procedemento de pagamento

CAPÍTULO VII.–REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS

Artigo 30.–Causas de reintegro e de perda do dereito ao cobro

Artigo 31.–Procedemento de reintegro

CAPÍTULO VIII.–CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 32.–Control financeiro das subvencións

CAPÍTULO IX.–INFRACCIÓNS E SANCIÓN ADMINISTRATIVAS EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS

Artigo 33.–Infraccións e sancións administrativas en materia de sancións

Disposición transitoria.–Réxime transitorio dos procedementos

Disposición derogatoria

Disposición final primeira.–Habilitación para a interpretación da ordenanza

Disposición final segunda.–Entrada en vigor

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Ferrol, no marco das súas competencias, ten entre unha das súas prioridades a concesión de axudas económicas destinadas á promoción de actividades e investimentos e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, co obxectivo de contribuír a que as entidades privadas sen ánimo de lucro dispoñan de medios para o cumprimento dos obxectivos que lles son propios e, ao mesmo tempo, para que actúen como motores e garantes da participación cidadá efectiva nos seus distintos ámbitos de actuación.

A aprobación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e posteriormente da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, supuxo un paso máis na determinación dun marco normativo xeral dunha das modalidades máis importantes do gasto público como son as subvencións.

O artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, dispón que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das Bases de execución do presuposto, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A elaboración desta Ordenanza xeral de subvencións pretende dúas finalidades: por un lado, cumprir co disposto no precepto legal anterior e, por outro lado, dispor dunha norma de aplicación directa nos diversos ámbitos de xestión das subvencións que outorga o Concello, ao obxecto de unificar criterios e procedementos no ámbito subvencional.

Este texto normativo que establece as bases reguladoras de carácter xeral para a concesión de subvencións no Concello de Ferrol é o marco de referencia ao que se deberá axustar todos os procedementos de concesión de subvencións.

CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.-Obxecto.

1. Esta ordenanza ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras xerais do procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello de Ferrol nos termos establecidos no artigo 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Os ámbitos ou materias sobre os que se poden conceder subvencións no Concello de Ferrol serán entre outros:

- a) Fomento da cultura, da educación e do deporte.
- b) Participación Cidadá.
- c) Benestar Social.
- d) Igualdade.
- e) Promoción Económica e Emprego.
- f) Medio Ambiente.
- g) Calquera outro ámbito que complemente a actividade municipal e sexa de interese público.

Artigo 2.-Concepto de subvención.

1. Terá a consideración de subvención toda disposición de diñeiro, sen contraprestación directa pola persoa ou entidade beneficiaria, que realice o Concello de Ferrol a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os requisitos esixidos no artigo 2.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizado ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, coa fin de fomentar unha actividade de utilidade pública ou interese social para promover a consecución dun fin público.

2. Non estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as achegas a que se refiren os artigos 2.2 e 2.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e ademais:

- a) Os premios que se outorguen sen a previa solicitude da persoa ou entidade beneficiaria.
- b) As axudas económicas de emerxencia social e as axudas económicas temporais de especial necesidade que se rexerán pola súa ordenanza específica.

Artigo 3.-Ámbito de aplicación subxectivo.

A presente ordenanza será de aplicación ás subvencións outorgadas polo Concello de Ferrol, así como polos seus organismos autónomos e entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculados ou dependentes do mesmo, cando as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas.

Artigo 4.-Réxime xurídico das subvencións.

1. As subvencións que se outorgen polo Concello de Ferrol e os seus organismos públicos rexeranse polo disposto na presente ordenanza, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, por normas de dereito privado.

2. Non obstante, as axudas de emerxencia social e as axudas económicas temporais de especial necesidade rexeranse pola súa ordenanza específica, e, no seu defecto, pola presente ordenanza e o resto da normativa aplicable.

CAPÍTULO II.-DISPOSICIÓNS COMÚNS ÁS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS**Artigo 5.-Plan estratéxico de subvencións.**

O Concello de Ferrol, con carácter previo ó establecemento de calquera subvención, deberá contar cun plan estratéxico de subvencións no que se concreten os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa execución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ó cumprimento dos obxectivos de estabilidade presupostaria.

Será competente para a aprobación deste plan estratéxico a Xunta de Goberno Local sen prexuízo das delegacións que se confiran.

Artigo 6.-Requisitos para o outorgamento das subvencións.

Serán requisitos previos para o outorgamento de subvencións:

- a) A competencia do órgano administrativo concedente.
- b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico que se deriven da concesión da subvención.
- c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.
- d) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico nos termos previstos na normativa vixente.

Artigo 7.-Órganos competentes para a concesión de subvencións.

O órgano competente para a concesión de subvencións é o alcalde, sen prexuízo das delegacións que poidan efectuarse.

Artigo 8.-Persoas ou entidades beneficiarias.

1. Serán beneficiarias de subvencións as persoas físicas ou xurídicas que realicen a actividade ou actividades que fundamentou o seu otorgamento ou que se atopen na situación que lexítima a súa concesión.

2. No caso das persoas xurídicas, tamén terán a condición de beneficiarios/as os membros asociados da entidade beneficiaria que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta do primeiro.

3. Poderán acollerse á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calqueira outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que aínda carecendo de personalidade xurídica poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos na situación que motiva a concesión.

Artigo 9.-Requisitos para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

1. Podrán acceder á condición de persoa ou entidade beneficiaria das subvencións as persoas físicas ou xurídicas e as entidades referidas no artigo 8 nas que concorran as circunstancias previstas na presente ordenanza, nas bases reguladoras específicas da convocatoria, acordo de concesión ou convenio que se atopen na situación que fundamenta a súa concesión e nas que non concorra ningunha das circunstancias establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A apreciación e alcance da prohibición realizarase de acordo co disposto nos apartados 4, 5 e 6 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. En ningún caso poderase acceder á condición de persoa ou entidade beneficiaria cando estean pendentes de xustificación subvencións outorgadas polo Concello de Ferrol ou polos seus organismos públicos, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase con independencia de que o requirimento a que se refire o artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, se realizara ou non.

A apreciación desta prohibición realizarase de forma automática e subsistirá mentras perdure a ausencia de xustificación.

Artigo 10.-Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias.

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
2. Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, de ser o caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente ou entidade colaboradora, se é o caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
5. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, sen prexuízo de que a persoa interesada autorizase expresamente ao Concello a realizar as consultas dos datos que xa se atopen en poder doutras Administracións ou do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.
6. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario/a en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nestas bases reguladoras, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Facer constar expresamente na publicidade, difusión e publicacións que o programa, actividades, investimentos ou actuacións obxecto de subvención contan coa colaboración económica do Concello de Ferrol. Para isto utilizarán o logotipo aprobado polo Concello de Ferrol e, así mesmo, na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio farase constar a forma e instrumentos a través do que se dará publicidade e difusión á colaboración económica do Concello.
9. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Artigo 11.-Entidades colaboradoras.

1. Terá o carácter de entidade colaboradora aquelas que, actuando en nome e por conta do órgano concedente para todos os efectos relacionados coa subvención, entreguen e distribúan os fondos públicos aos/ás beneficiarios/as cando así se estableza nas bases reguladoras, ou colaboren na xestión da subvención.
2. A regulación das condicións e obrigas asumidas por estas entidades estableceranse nun convenio de colaboración que se formalice entre o Concello e a entidade colaboradora nos termos establecidos no artigo 16 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Artigo 12.-Publicidade das subvencións concedidas.

Sen prexuízo do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, en relación coa obriga de publicidade na Base Nacional de Datos de Subvencións, as subvencións concedidas polo Concello de Ferrol e os seus organismos públicos publicaranse no Portal de Transparencia da páxina web do Concello www.ferrol.gal.

CAPÍTULO III.-PROCEDEMENTOS DE CONCESIÓN**Artigo 13.-Procedementos de concesión.**

1. O procedemento ordinario de concesión será o de concorrencia competitiva mediante a comparación de solicitudes ao obxecto de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados na convocatoria, procedendo á concesión a aquelas que obtiveran maior valoración de conformidade cos citados criterios.

Non obstante, non será necesario fixar unha orde de prelación no caso de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente para atender, unha vez finalizado o prazo de presentación, todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos.

Sen prexuízo do anterior, o órgano competente procederá ao prorrateo do crédito entre todas as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos, cando atendendo á natureza da subvención, así estea expresamente previsto na respectiva convocatoria.

2. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente no Presupuesto Xeral do Concello de Ferrol, nos termos recollidos nos convenios ou acordos de concesión.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

SECCIÓN 1.^a.-CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

Artigo 14.-Iniciación.

1. O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iniciarase sempre de oficio mediante convocatoria pública aprobada polo órgano competente, de acordo coa presente ordenanza, o capítulo II do Título I da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu Regulamento de desenvolvemento, e os principios da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. A convocatoria terá como mínimo o contido establecido no artigo 23.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e axustarase ao disposto na presente ordenanza.

3. A publicidade das convocatorias realizarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

4. As persoas ou entidades interesadas deberán presentar a solicitude de subvención no modelo normalizado que a tal efecto se determine na convocatoria. O prazo para presentar a solicitude establecerase en cada convocatoria, non podendo ser inferior a cinco días.

5. Na solicitude, a persoa ou entidade interesada, manifestará, baixo a súa responsabilidade que cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente e na convocatoria para ser beneficiaria da dita subvención, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo no que disfrute da condición de beneficiaria.

6. En todo caso a documentación que como mínimo se achegará é:

- Modelo normalizado de solicitude dirixida á Alcaldía do Concello de Ferrol.
- Certificación do número de socios/as activos/as da entidade.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude.
- Declaración de estar inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol.
- Certificación do nomeamento do/a representante para as relacións da entidade co Concello.
- Certificación do compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (camisetas, trofeos, bolsas...) adquirido coa subvención, inserindo en todo o material publicitario o logo institucional do concello.
- Certificación do compromiso de obter licenzas e autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.
- Acreditación da delegación da Presidencia (en caso de que exista) na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación das solicitudes de subvencións e sinatura de toda a documentación necesaria para a súa tramitación). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditarse de forma expresa mediante unha declaración responsable.

- Documento explicativo da actividade que se vai a realizar (memoria de actividade). A convocatoria específica determinará o contido do dito documento.
- Declaración de non ter obrigas pendentes coa Facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social. No suposto de solicitude de concesión de subvención superior a 3000 €, a persoa ou entidade beneficiaria afectada deberá presentar os correspondentes certificados oficiais.
- Declaración de non estar incurso a persoa ou entidade beneficiaria nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiarias ou percibir subvencións da Administración pública, dispostas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro.
- Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que se especifiquen na convocatoria correspondente.

7. As solicitudes irán dirixidas ao órgano competente para a concesión da subvención e presentaranse en formato electrónico a través do Rexistro electrónico da sede electrónica do Concello de Ferrol.

8. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na normativa da convocatoria, o negociado ou servizo tramitador, de conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, requirirá ao/á interesado/a para que a subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles coa indicación de que se así non o fixese, se lle terá por desistido/a da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 15.–Instrución.

1. Os órganos encargados de instruír os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva serán os que se indiquen nas respectivas convocatorias.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións e actividades estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formularse a proposta de resolución. Así mesmo, poderá pedir cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

2. Os criterios obxectivos para o outorgamento da subvención e, de ser o caso, a ponderación dos mesmos, así como os criterios para establecer a contía, estableceranse nas respectivas convocatorias.

Artigo 16.–Comisión de Valoración.

1. A avaliación das solicitudes corresponderalle a un órgano colexiado, denominado Comisión de Valoración, o cal será o encargado de formular a proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor.

2. Para estes efectos a Comisión de Valoración terá a seguinte composición mínima:

Presidencia: concelleiro/a delegado/a competente por razón da materia ou concelleiro/a no/na que delegue.

Vogais: un/unha representante de cada grupo municipal.

Técnico/a por razón da materia (no caso de existir).

Secretario/a: un funcionario/a da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación, que actuará con voz e sen voto.

3. Cando se estableza na respectiva convocatoria procederase á preavaliación das solicitudes para verificar o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario/a.

4. Co obxecto de facilitar a mellor avaliación das solicitudes, a Comisión de Valoración poderá requirir das persoas ou entidades solicitantes, a través do órgano instrutor, a ampliación da información contida na solicitude, así como solicitar os informes técnicos dos servizos municipais que estimen necesarios.

5. A Comisión de Valoración, trala avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios fixados na convocatoria, emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma e, se é o caso, unha prelación das solicitudes. Excepciónanse do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando o crédito orzamentario consignado na convocatoria fose suficiente para atender todas as solicitudes.

O crédito destinado ás subvencións proratearase entre todas as persoas e entidades beneficiarias da subvención cando así se dispuxese na respectiva convocatoria; nese caso non se establecerá unha prelación de solicitudes. Neste suposto a convocatoria deberá establecer a valoración mínima necesaria para acceder á condición de beneficiario/a.

Artigo 17.–Proposta de resolución provisional e reformulación.

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, efectuará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que será notificada ás persoas e entidades interesadas na forma que determine a convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para a presentación de alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidas en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas e entidades interesadas; nese caso a proposta de resolución formulada terá carácter definitivo.

2. Cando o importe da subvención que se determine na proposta de resolución provisional sexa inferior ao importe solicitado instarase á reformulación das solicitudes salvo que na convocatoria se dispuxese o contrario. En todo caso, deberá respectarse o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto ás solicitudes ou peticións.

3. Rematado, no seu caso, o trámite de audiencia e examinadas as alegacións presentadas polas persoas e entidades interesadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o/a solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía.

Unha vez formulada a proposta de resolución definitiva, esta notificarase ás persoas e entidades interesadas para que comuniquen a súa aceptación. A forma e prazo para presentar a aceptación será a que se indique na respectiva convocatoria.

4. As propostas de resolución, tanto provisional como definitiva, non crean dereito algún a favor da persoa ou entidade beneficiaria proposta fronte ao Concello de Ferrol e aos seus organismos públicos mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

Artigo 18.–Resolución.

1. A resolución, ditada polo órgano competente, terá que ser motivada de conformidade co que dispoña a convocatoria e, ademais, de conter o/a solicitante ou relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención, farase constar, de ser o caso, de maneira expresa, a desestimación do resto de solicitudes e a non concesión por desestímato, renuncia ao seu dereito ou imposibilidade material sobrevida.

2. Cando conforme ao establecido na presente ordenanza fose necesario establecer unha orde de prelación de solicitudes, a resolución de concesión incluírá unha relación ordenada de todas aquelas que cumprindo coas condicións administrativas e técnicas fixadas para adquirir a condición de beneficiario/a non fosen estimadas por rebasarse a contía máxima do crédito fixado na convocatoria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración previstos na mesma.

No caso de renuncia á subvención por algunha das persoas ou entidades beneficiarias, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao/á solicitante ou solicitantes seguintes a aquel en orde da súa puntuación, sempre e cando coa renuncia se libere crédito suficiente para atender alomenos unha das solicitudes denegadas.

3. Na resolución deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polas persoas ou entidades beneficiarias e, cando o importe da subvención e a súa percepción dependa da realización por parte delas da actividade proposta polas mesmas, deberá quedar claramente identificada tal proposta e o documento no que se formulou.

4. A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computará a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma propoña os seus efectos a unha data posterior.

Transcorrido o prazo máximo sen que se notifique a resolución, as persoas e entidades interesadas poderán entender desestimada a solicitude por silencio administrativo, conforme ao establecido no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 19.–Notificación da resolución.

A resolución seralle notificada á persoa ou entidade beneficiaria de conformidade co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SECCIÓN 2.^a.-CONCESIÓN DIRECTA

Artigo 20.-Concesión directa.

1. Será de aplicación ás subvencións que se concedan directamente o previsto na presente ordenanza e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu Regulamento.

2. Son subvencións previstas nominativamente no Presuposto Xeral do Concello de Ferrol aquelas nas que o obxecto, dotación orzamentaria e persoa ou entidade beneficiaria aparecen determinados expresamente no correspondente Anexo das Bases de execución e no estado de gasto do orzamento.

O convenio será o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. O procedemento de concesión iniciárase de oficio polo responsable do orzamento presupuestario ao que se lle imputa a subvención, ou a instancia da persoa ou entidade beneficiaria, e rematará coa resolución de concesión ou a subscripción do convenio.

O contido mínimo da resolución ou, no seu caso, convenio será o establecido no artigo 65 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, determinación do obxecto da subvención e persoas ou entidades beneficiarias, crédito orzamentario e contía da subvención, prazo e forma de pagamento, prazo e forma de xustificación.

3. Con carácter excepcional poderanse conceder directamente subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, e outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A Xunta de Goberno aprobará con carácter previo, con independencia da súa contía, a proposta da área competente por razón da materia, previo informe da unidade que corresponda da área competente na materia de Facenda, o réxime xurídico aplicable á concesión da subvención, mediante o correspondente acordo.

O acordo de concesión axustarase ao disposto no artigo 28.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, contendo como mínimo a definición do obxecto, réxime xurídico aplicable, persoas ou entidades beneficiarias, modalidades da subvención, procedemento de concesión e réxime de xustificación. O acordo de concesión deberá estar debidamente motivado, identificando claramente os compromisos asumidos polas persoas ou entidades beneficiarias.

4. As subvencións de concesión directa nas que o outorgamento ven imposto por unha norma de rango legal rexeranse pola dita norma e polas demais de específica aplicación no Concello de Ferrol e os seus organismos públicos.

CAPÍTULO IV.-XESTIÓN DAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Artigo 21.-Gastos subvencionables.

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que resulten estritamente necesarios, respondan de maneira indubidada á natureza da actividade e se realicen con anterioridade á finalización do prazo previsto para a execución do proxecto ou actividade subvencionada.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na normativa reguladora da subvención.

2. En todo o non previsto neste artigo estarase ó establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nas Bases de execución do presuposto xeral municipal, nas bases reguladoras da convocatoria ou no convenio que regule as subvencións nominativas previstas no presuposto municipal.

Artigo 22.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e do cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións e doutras obrigas.

1. O requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social acreditaranse mediante certificados expedidos polo ministerio ou órgano competente en materia de Facenda Pública e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou mediante a presentación de declaración nos casos previstos no parágrafo segundo do artigo 22.1 e o artigo 24 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sen prexuízo de que a persoa ou entidade interesada autorizara expresamente ao Concello a facer a consulta dos datos que xa se atopan en poder doutras Administracións e do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.

Os órganos xestores comprobarán, así mesmo, que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Ferrol, facéndoo constar no expediente mediante a oportuna dilixencia.

2. Os requisitos de estar ao corrente do pagamento das obrigas polo reintegro de subvencións e de non estar incurso no resto de prohibicións ás que fai referencia o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, esixiranse mediante declaración do/a beneficiario/a nos termos establecidos nos artigos 25 e 26 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. Os certificados e declaracións terán unha validez de seis meses dende a data da súa expedición ou emisión. No caso de que caducasen, o/a beneficiario/a deberá presentar unha certificación ou declaración actualizada a requirimento dos servizos xestores.

3. Os requisitos expostos nos apartados anteriores deberán acreditarse non só no momento da concesión, senon tamén no momento da tramitación do recoñecemento da obriga, salvo o de non estar incurso no resto de prohibicións ás que fai referencia o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

CAPÍTULO V.-XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS

Artigo 23.-Xustificación das subvencións públicas.

1. As persoas e entidades beneficiarias estarán obrigadas a xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade, o cumprimento da finalidade e no caso que proceda, o grao de consecución dos obxectivos fixados mediante o sistema de avaliación de resultados establecido na convocatoria, acordo de concesión ou convenio, salvo que a subvención se concedese en atención á concorrencia dunha determinada situación no/na perceptor/a, en cuxo caso non requirirán doutras xustificacións que a acreditación da dita situación previa á concesión.

2. A xustificación das subvencións que se outorguen con base na presente ordenanza realizarase mediante a modalidade “conta xustificativa con aportación de xustificantes de gasto” ou, se é o caso, “conta simplificada”, salvo nos casos nos que sexa de aplicación as especialidades contempladas nas disposicións adicionais e nos supostos de concesión directa, en defecto de previsión doutra modalidade dentro das contempladas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu Regulamento de desenvolvemento, convenio ou acordo de concesión.

Artigo 24.-Conta xustificativa con aportación de xustificantes de gasto.

A conta xustificativa conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

1. Unha memoria da totalidade da actividade realizada.

2. Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003, do 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento). Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia, asinada polo/a responsable:

“Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención do Concello de Ferrol do ano ...”.

3. Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (No caso do pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario; no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón; no caso de transferencia electrónica: xustificante impreso co selo da entidade e extracto). Unicamente se admitirá a xustificación da realización do gasto e do seu pagamento mediante a presentación de “Recibís” nos casos e para aqueles tipos de gasto que así se tivese previsto pormenorizadamente no convenio regulador ou acordo de concesión.

4. Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, e se é o caso, a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (LXS).

5. Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas.

6. Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal: www.ferrol.gal \ Sede electrónica \ Trámites \ Alta ou baixa de datos bancarios (negociado de Tesourería).

7. Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos tributos municipais, ou autorizar, se é o caso, que a Tesourería municipal faga as conseguíntes consultas externas, conforme co estipulado no apartado e) do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e demais normas da Recadación Municipal. Conforme co artigo 24.4 do RD 887/2006 a presentación de declaración responsable substituirá a estas certificacións nos seguintes casos:

- Aquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario/a non supere na convocatoria o importe de 3.000,00 €.
- As subvencións outorgadas ás Administracións Públicas así como aos organismos, entidades públicas e fundacións do sector público dependentes daquelas, agás previsión expresa en contrario nas bases reguladoras da subvención.

8. No caso de que a subvención se destine a financiar unha obra de máis de 40.000,00 €, sen IVE, ou unha subministración ou servizo de máis de 15.000,00 €, sen IVE, teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS.

Artigo 25.-Conta xustificativa simplificada.

1. Para as subvencións concedidas por importe inferior a 60.000 € poderase optar pola conta xustificativa simplificada na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio, que deberá conter a seguinte información:

a) Unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, e, se é o caso, data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo a un presuposto estimado, indicaranse as desviacións acaecidas.

c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do seu importe e a súa procedencia.

2. O órgano concedente comprobará, a través das técnicas de mostraxe que se acorden nas bases reguladoras, os xustificantes que estime oportunos e que permitan obter evidencia razoable sobre a axeitada aplicación da subvención, para o que poderá requirir á persoa ou entidade beneficiaria a remisión dos xustificantes de gasto seleccionados.

A respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio determinará o volume de elementos a comprobar respectando os límites que a continuación se indican:

a) Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

b) Do resto de xustificantes comprobarase unha mostra dos xustificantes que alomenos supoña a seguinte porcentaxe respecto ao total dos mesmos dos que se compoña a conta xustificativa:

1.º) Se o n.º de xustificantes fora inferior ou igual a dez: 100%.

2.º) Se o n.º de xustificantes fora superior a dez e inferior ou igual a vinte: 50%.

3.º) Se o n.º de xustificantes fora superior a vinte e inferior ou igual a cincuenta: 30%.

4.º) Se o n.º de xustificantes fora superior a cincuenta e inferior ou igual a 100: 20%.

5.º) Se o n.º de xustificantes fora superior a cen: 10%.

3. Para garantir a aleatoriedade na selección da mostra seguirase o seguinte procedemento:

a) Determinarase o número de elementos que conforman a poboación excluindo aqueles que por razón do seu importe vaian a ser obxecto de comprobación.

b) Numeraranse os xustificantes conforme a orde da relación clasificada de gastos que presenta a persoa ou entidade beneficiaria na conta xustificativa.

c) Determinarase o volume de xustificantes que conformarán a mostra a seleccionar, de conformidade co establecido na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio.

d) Obterase o cociente de dividir o número de elementos que conforman a poboación total entre o número de elementos que conforman a mostra, redondeando os decimais ao número enteiro máis próximo.

e) Seleccionarase aleatoriamente o primeiro elemento da mostra según o cociente calculado.

f) Os restantes elementos da mostra determinaranse aplicando unha progresión aritmética de razón igual ao cociente calculado.

4. As facturas e demais xustificantes de gasto orixinais deberán cuñarse e custodiarse conforme ao establecido no artigo anterior.

Artigo 26.-Prazo de xustificación das subvencións.

O prazo de xustificación da subvención será o que en cada caso se determine na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentar a mesma ante o órgano competente, este requirirá á persoa ou entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. O transcurso deste prazo sen que se presente a xustificación levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro. Non obstante, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao beneficiario das sancións que correspondan.

Artigo 27.-Aprobación da xustificación.

1. Unha vez xustificada adecuadamente a subvención procederase á súa aprobación por parte do órgano concedente para o que se require:

a) Comprobación polo órgano xestor da subvención de que a documentación presentada cumpre os requisitos establecidos nas bases reguladoras e na respectiva convocatoria da subvención, acordo de concesión ou convenio.

b) Informe de conformidade do órgano xestor no que conste a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

c) Informe da Intervención Xeral do Concello de Ferrol sobre a xustificación formal da subvención.

2. Unha vez aprobada a xustificación da subvención, procederase ao arquivo do expediente no órgano xestor e comunícarase a mesma á Intervención Xeral.

CAPÍTULO VI.-PROCEDIMENTO DE XESTIÓN PRESUPOSTARIA

Artigo 28.-Procedemento de execución do gasto.

1. Cando o réxime de concesión das subvencións sexa o de concorrencia competitiva, con carácter previo á convocatoria da subvención o gasto deberá ser aprobado polo órgano competente, tramitándose o correspondente documento contable de Autorización de Gasto polo importe total das subvencións que se prevea conceder.

2. Cando a convocatoria se aprobase nun exercicio presupostario anterior a aquel no que vaia a ter lugar a concesión das subvencións, deberá facerse constar expresamente nela que dita concesión queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento de resolución da concesión.

3. A resolución de concesión á persoa ou entidade beneficiaria concreta e determinada conlevará o compromiso correspondente e a tramitación e aprobación da Disposición do Gasto polo importe da subvención que se concede.

4. O expediente de concesión de subvencións conterà informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que as persoas e entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

5. Cando se trate da concesión directa de subvencións, aportarase ao expediente o documento contable de Autorización e Disposición do Gasto no que figurará a persoa ou entidade beneficiaria e o importe a conceder.

6. O recoñecemento e liquidación da obriga tramitarase mediante o documento contable de Recoñecemento da Obriga, sen prexuízo de que se deba achegar, se é o caso, de acordo co establecido na súa normativa reguladora ou na súa convocatoria:

a) Acordo de concesión ou convenio, no seu caso, debidamente suscrito polo órgano competente.

b) Acreditación de que a persoa ou entidade beneficiaria se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) A documentación acreditativa da constitución da garantía, no seu caso.

d) A xustificación pola persoa ou entidade beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu a subvención, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, salvo que a dita normativa establecera que o pagamento se efectúe con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para desenvolver as actuacións inherentes á subvención.

e) No caso de aboamentos a conta xa efectuados, certificación expedida polo órgano encargado do seguimento da subvención de que non se ditou resolución declarativa da procedencia de reintegro da subvención ou da perda do dereito ao cobro da mesma por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

f) No caso de aboamentos a conta xa efectuados, certificación expedida polo órgano encargado do seguimento da subvención de que non se acordou polo órgano concedente da subvención, como medida cautelar, a retención de libramen-

tos de pagamento ou de cantidades pendentes de pagarlle á persoa ou entidade beneficiaria ou entidade colaboradora referidos á mesma subvención.

7. Poderase utilizar excepcionalmente a acumulación das fases de autorización, disposición e recoñecemento da obriga cando pola especial natureza da subvención concorran circunstancias no procedemento de concesión e xustificación que así o aconsellen, previa autorización do titular da área de goberno competente en materia de Facenda, que regulará o procedemento de tramitación presupostaria, nos supostos que se determinen nas Bases de execución do Presuposto Municipal.

Artigo 29.-Procedemento de pagamento.

1. Con carácter xeral o pagamento da subvención realizarase previa xustificación pola persoa ou entidade beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

Non obstante ao anterior, poderanse realizar pagamentos anticipados con carácter previo á xustificación cando de acordo coa natureza ou finalidade da subvención se require a entrega de fondos como financiamento necesario para poder desenvolver as actuacións inherentes á mesma.

O procedemento, condicións e porcentaxe máxima de pagamentos anticipados determinarase na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio.

2. Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta por unha contía equivalente á xustificación presentada que suporá a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas.

O procedemento, condicións e porcentaxe máxima de pagamentos anticipados determinarase na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio.

3. En todo caso, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a persoa ou entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

4. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

CAPÍTULO VII.-REINTEGRO DE SUBVENCIONS

Artigo 30.-Causas de reintegro e de perda do dereito ó cobro.

1. Con carácter xeral procederá o reintegro das subvencións nos supostos e baixo as condicións e requisitos establecidos no caso de invalidez da resolución de concesión regulada no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, así como a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención:

a) Nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

b) Cando a forma de xustificar a subvención sexa a través de conta xustificativa con aportación de xustificantes de gasto ou simplificada e se dea algún destes supostos:

1.º) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil sexan ilexibles.

2.º) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil non garden relación coa actividade ou proxecto subvencionado.

3.º) Os documentos xustificativos dos gastos realizados consistan en autofacturas.

4.º) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil foran cuñados a nome doutro cofinanciador e se pretenda imputar á subvención concedida unha porcentaxe dos gastos que resulte incompatible co reflectido no cuño.

5.º) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil non acrediten o emisor ou ben non se emitisen a nome da persoa ou entidade beneficiaria.

6.º) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil non indiquen o concepto do gasto realizado.

7.º) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil sexan copias e nas mesmas non conste o cuño ou as ditas copias non foran compulsadas.

8.º) Non se acredite o pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

c) Aqueles casos que adicionalmente se establezan na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio.

Artigo 31.–Procedemento de reintegro.

1. O procedemento de reintegro rexerese polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no seu Regulamento, sendo o órgano competente para esixir o reintegro o concedente da subvención, mediante a resolución do procedemento regulado na citada lei.

2. O órgano competente para iniciar e resolver o procedemento de reintegro deberá dar traslado á Intervención Xeral das resolucións que adopte respecto da incoacción, medidas cautelares e finalización do procedemento.

3. Unha vez acordado o inicio do procedemento de reintegro, como medida cautelar, poderá ser acordada polo órgano concedente, a iniciativa propia ou a proposta da Intervención Xeral do Concello de Ferrol ou da autoridade pagadora, a suspensión dos libramentos de pagamento das cantidades pendentes de aboar á persoa ou entidade beneficiaria sen superar, en ningún caso, o importe que fixe a proposta ou resolución de inicio do expediente de reintegro, cos xuros de mora devengados ata aquel momento.

CAPÍTULO VIII.–CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 32.–Control financeiro das subvencións.

1. O control financeiro que se realice rexerese con carácter xeral pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, e o seu Regulamento de desenvolvemento.

2. De conformidade co disposto na disposición adicional cuarta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a Intervención Xeral poderá recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría para a realización de controis financeiros de subvencións que foron concedidas, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral presupostaria.

CAPÍTULO IX.–INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS ADMINISTRATIVAS EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS

Artigo 33.–Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

1. O réxime xurídico das infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións é o establecido no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. A competencia para impoñer sancións corresponde ós órganos que teñan atribuída a potestade sancionadora de acordo co réxime de delegacións e desconcentracións vixente.

Disposición transitoria.–Réxime transitorio dos procedementos

Ós procedementos de concesión de subvencións xa iniciados á entrada en vigor da presente ordenanza seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio. Para estes efectos o procedemento considérase iniciado dende o momento da publicación da convocatoria para as subvencións de concorrencia competitiva, e dende o momento no que se adopte a resolución de concesión ou se subscriba o convenio para as de concesión directa.

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, os procedementos de control financeiro, reintegro e revisión de actos, así como o réxime sancionador previstos nesta ordenanza, resultarán de aplicación dende a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas expresamente as Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións destinadas a entidades cidadás e cidadanía en xeral no Concello de Ferrol aprobadas por acordo do Pleno do Concello de data 29/10/2009 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 20 de data 01/02/2010.

Disposición final primeira.–Habilitación para a interpretación da ordenanza

Facúltase ao/á titular da área competente en materia de Facenda a interpretar a presente ordenanza e adoptar cantas resolucións considere necesarias.

Disposición final segunda.–Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

Contra o acordo plenario de aprobación definitiva da ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (artigos 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso administrativa e 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local).

Poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime procedente.

Ferrol, 16 de outubro de 2019.

A concelleira delegada da área de Servizos, Obras, Medio Ambiente, Zona Rural e Participación Cidadá

(PD. Resolución da Alcaldía de data 08/07/2019)

(BOP n.º 137, do 22/07/2019)

Asdo.: Ana Lamas Villar

2019/8329